
 **Proyecto Educativo**

 **C.E.I.P. Plurilingüe Santa María
A Fonsagrada**

A blue rectangular banner containing text and icons. At the top left is a white crown icon. To its right is the text "Proyecto Educativo" in red. Below the crown is a white horizontal line. At the bottom left is a white cross icon. To its right is the text "C.E.I.P. Plurilingüe Santa María" and "A Fonsagrada" in red, stacked vertically.

Índice

Introdución

Marco lexislativo

CAPÍTULO I: CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO ESCOLAR E SINAIS DE IDENTIDADE.

Disposicións xerais.

- 1.- Características do contorno escolar e necesidades específicas
 - 1.1. Datos do Centro
 - 1.2. Contorno social, económico e cultural
 - 1.3. Contorno lingüístico
 - 1.4. Necesidades educativas a satisfacer

2. Sinais de identidade
 - 2.1. Características do centro
 - 2.1.1. Infraestruturas e recursos materiais
 - 2.1.2. O alumnado
 - 2.1.3. O profesorado
 - 2.1.4. O persoal non docente
 - 2.1.5. Oferta educativa
 - 2.1.6. Horario xeral do centro
 - 2.1.7. Servizos complementarios
 - 2.2. Valores, principios e fins
 - 2.2.1. Valores
 - 2.2.2. Principios de identidade
 - 2.2.3. Fins educativos
 - 2.3. Obxectivos xerais
 - 2.4. Prioridades de actuación

CAPÍTULO II: DESENVOLVEMENTO CURRICULAR

1. Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural e ao alumnado
 - 1.1. Obxectivos da Educación infantil
 - 1.2. Obxectivos da Educación Primaria

2. Decisións xerais sobre a metodoloxía

3. Contribución da etapa á consecución das competencias clave

4. Criterios xerais do centro sobre avaliación

5. Criterios xerais do centro sobre promoción

6. Criterios para a concesión da mención honorífica

7. Liñas xerais de atención á diversidade
8. Criterios para o tratamento transversal nas áreas da educación en valores
9. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións
10. Materias de libre configuración
11. Obxectivos para o desenvolvemento do proxecto bilingüe
12. Medidas organizativas para o período de adaptación en Ed. Infantil.

CAPÍTULO III: PLANS E PROGRAMAS

1. Proxecto Lingüístico
2. Proxecto Lector
3. Proxecto de educación dixital
4. Plan para a promoción de estilos de vida saudables
5. Plan de Atención á Diversidade
6. Plan de Orientación e Acción Titorial
7. Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio
8. Plan de convivencia

CAPÍTULO IV

Difusión, revisión e avaliación do Proxecto Educativo

- *Difusión do Proxecto Educativo*
- *Revisión do Proxecto Educativo*
- *Avaliación do Proxecto Educativo*

1. Introducción.

O **Capítulo II** do **Título V** da **Lei Orgánica 2/2006** de Educación (LOE), modificada pola **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), regula a **autonomía dos centros**.

Os centros docentes terán autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo (Artº 120.2) Seguindo a definición de Rey, R. e Santa María, J.M. (2000): *...“o PE é un instrumento con proxección de futuro, pensado e elaborado pola comunidade escolar, a partir da propia realidade, que actúa de modo coherente sobre a práctica docente coa intención de melloralala, e dota aos centros da eficacia necesaria para alcanzar os obxectivos pretendidos e que inclúe todos os aspectos esenciais do centro”.*

2. Marco lexislativo.

Para a elaboración deste documento tívose en conta a seguinte normativa:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE_ BOE 04.05.06), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE_ BOE 10.12.2013).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15.07.11) _Artº 10.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27.01.2015).
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario (DOG 25.05.2010).
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 21.10.1996) Artº 86, 87 e 88.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 02.09.97) Capítulo I.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas LOE (DOG 21.12.11) Sección terceira.
- Decreto 105/2014. do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG_09.09.2014).
- Decreto 330/2009. do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23.06.2009).
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 10.06.2016).
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG 24.07.2007).
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia. (DOG 20.05.2011).
- Orde 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG 20.05.2011) Artº 3.5

CAPÍTULO I: CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO ESCOLAR E SINAIS DE IDENTIDADE

Disposicións xerais.

1.- Características do contorno escolar e necesidades específicas.



1.1. Datos do Centro

Nome: CEIP Plurilingüe Santa María

Localización: R/ Enrique Saavedra s/n 27100 A Fonsagrada (Lugo)

Teléfono: 982 828173

Correo Electrónico: ceip.santamaria.fonsagrada@edu.xunta.es

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/>

1.2. Contorno social, económico e cultural

O CEIP Santa María está ubicado no concello de A Fonsagrada, situado no extremo centro-oriental da provincia de Lugo, formando un conxunto montañoso que constitúe unha fronteira natural coa Comunidade Autónoma de Asturias.

O centro pertence a un entorno principalmente rural, polo que o sector primario é a base da súa economía centrado especialmente na gandaría e na explotación forestal. O sector secundario é menos importante, destacan algunhas pequenas empresas de transformación de madeira, elaboración de produtos cárnicos, fabricación de pensos....

O sector terciario foi medrando nos últimos anos.

O centro da vila é o lugar onde se concentran a maior parte das actividades comerciais e núcleos financeiros e profesionais.

O nivel económico e cultural da poboación é medio-baixo.

O alumnado do centro é de lugares moi dispersos xa que o concello é moi extenso. Este alumnado vive, en moitos casos, en aldeas de escasa poboación, dándose casos de nenos e nenas que non só son fillos únicos, senón que tamén son os únicos do seu pobo, polo que o colexio é o único lugar onde poden relacionarse con outras persoas da súa idade.

1.3. Contorno lingüístico

Tendo en conta que a maioría das familias do centro procede do propio concello e dos arredores, un alto porcentaxe delas posúe como lingua materna ou primeira lingua o galego. Arredor dun 80% usa o galego como lingua vehicular e posúe unha competencia tanto verbal coma escrita dentro desta lingua. Este alto porcentaxe non asume unha fluidez tan destacable na lingua castelá, por non ser utilizada na maioría das entornas da vida cotiá.

Unha poboación minoritaria, arredor do 20%, considera como lingua materna o castelán, utilizándoo en todos os contextos e cunha competencia similar en galego. Dentro dese grupo non podemos esquecer a poboación inmigrante, pois a maioría dos castelán falantes pertencen a este grupo e teñen procedencias de países con esta fala (República Dominicana, Venezuela...).

1.4. Necesidades educativas a satisfacer

As necesidades educativas están en clara consonancia coa análise feita anteriormente sobre a situación socioeconómica, cultural e lingüística da zona. A tenor do exposto, as necesidades educativas a satisfacer na poboación escolar son as seguintes:

- Compensar a situación de partida desfavorecida de gran parte do alumnado, especialmente en canto á súa contorna cultural, tratando de chegar a unha situación de equilibrio co fin de asegurar a igualdade de oportunidades para todo o alumnado.
- Preparar ao alumnado para abordar con garantías a Educación Secundaria Obrigatoria.
- Formar cidadáns comprometidos coa igualdade de oportunidades de homes e mulleres

2. **Sinais de identidade**

2.1. Características do centro

2.1.1. Infraestruturas e recursos materiais

Tendo en conta o Real Decreto 132/2010, o centro educativo cumpre coas condicións mínimas establecidas. O edificio, construído no ano 1976 foi recibindo cambios e melloras ao longo dos anos, adaptándose así ás necesidades que foron aparecendo ata como se atopa hoxe en día.

Trátase dun edificio de dúas plantas. Na primeira sitúanse as dependencias do equipo directivo, o equipo de orientación, conserxería, salón de actos, aseos e as tres aulas correspondentes a educación infantil, a sala de xogos para o alumnado desta etapa, as aulas de 1º e 2º de Educación Primaria, a aula de recursos plásticos e a aula de música. Ademais, xa conectando cara o exterior pero tamén nesta planta, sitúase o ximnasio.

A segunda planta está formada polas aulas de 3º, 4º 5º e 6º de Educación Primaria. Ao seu carón atópase a aula de Inglés, a biblioteca e a aula de informática. Neste andar tamén se sitúa a sala de mestres e mestras.

No exterior o centro conta cunha pista semicuberta onde, xunto co ximnasio, se desenvolven as sesións de Educación Física. Este, xunto coa zona destinada e provista de xogos adaptados para Educación Infantil (areeiro, bambáns...) forman a zona de xogos dos nenos e nenas. Ao carón atopamos o horto do centro.

O comedor localízase no edificio oposto, antigamente destinado á “Escola fogar” e que presta servizo ao CEIP e o IES.

No que respecta aos recursos materiais do centro, cada ano realízanse melloras e novas adquisicións que xorden das necesidades do alumnado e de toda a comunidade educativa. Debemos destacar os recursos TIC e a nova biblioteca. Neste senso, as aulas atópanse, practicamente na súa maioría, dotadas de proxector e encerados dixitais.

A nova incorporación do noso centro á rede de centros do PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares), supuxo un gran aumento en recursos para a biblioteca de diversa índole: libros, materiais de consulta, xogos, novo mobiliario...

2.1.2. O alumnado

A procedencia xeográfica do alumnado circunscríbese na súa maior parte ao concello da Fonsagrada. Hai algún alumno/a procedente doutros concellos limítrofes.

Practicamente son todos de orixe nacional, aínda que contamos con algún alumno de nacionalidade latinoamericana.

A maioría do alumnado vive na vila da Fonsagrada. Un tercio aproximadamente provén da zona rural.

2.1.3. O profesorado

O centro consta dunha plantilla maioritaria de profesorado con destino definitivo aínda que contamos con algún profesor/a con destino provisional. A profesora de Audición e Linguaxe comparte a súa docencia co CEIP Plurilingüe Concepción López Rey de Baleira.

Este profesorado pertencente ao Corpo de Mestres nas distintas especialidades, permite levar a cabo as funcións docentes en relación coa actual oferta educativa.

2.1.4. O persoal non docente

Dentro do persoal non docente contamos cunha cociñeira, 2 axudantes de cociña, unha coidadora, unha conserxa e dúas limpadoras (unha delas a conserxa).

2.1.5. Oferta educativa

No CEIP Plurilingüe Santa María da Fonsagrada pódense cursar os seguintes estudos en réxime ordinario:

- Educación Infantil.
- Educación Primaria.

2.1.6. Horario xeral do centro

O horario do Centro é o seguinte:

- De luns a venres: de 9:35 a 14:35.

2.1.7. Servizos complementarios

O CEIP Plurilingüe Santa María oferta os seguintes servizos complementarios:

- Comedor escolar

Este servizo está ubicado nos baixos da antiga Escola Fogar e dá cobertura á maioría do alumnado do Centro.

- Transporte escolar

O Centro dispón de 10 rutas de transporte dispoñibles para os alumnos/as que habitan nas zonas rurais do concello.

2.2. Valores, principios e fins

2.2.1. Valores

Pluralismo

Educarase ao alumnado para vivir nunha sociedade plural na que se debe respectar ao demais.

Convivencia pacífica

Favorecerase un bo clima de convivencia e facilitaranse ferramentas para a solución pacífica de conflitos.

Valores democráticos

Transmitiranse os valores dunha sociedade democrática: respecto cara aos demais e cara a un mesmo, o sentido da liberdade ligado ao da responsabilidade, a solidariedade, o respecto á xustiza, a satisfacción polo traballo ben feito e o interese pola participación na mellora da sociedade.

Igualdade de xénero

A igualdade de xénero é un dos piares fundamentais da convivencia e da xustiza social. Fomentarase a implicación dos membros da comunidade educativa na loita activa contra a desigualdade de xénero e a violencia machista.

2.2.2. Principios de identidade

Atención ao alumnado

O alumnado é o principal núcleo de atención e será o protagonista da súa propia aprendizaxe.

Aconfesionalidade

O centro respectará a pluralidade ideolóxica, especialmente nos aspectos políticos e relixiosos.

Calidade

Calidade de educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.

Equidade

Equidade na educación, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade. A educación é o instrumento máis poderoso para compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, especialmente as que se derivan de calquera tipo de discapacidade.

2.2.3. Fins educativos

Formación plena

Proporcionar ao alumnado unha formación plena que lle permita o desenvolvemento da súa capacidade para exercer, de xeito crítico e nunha sociedade plural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.

Transmisión de valores

Transmitir e exercitar os valores que fan posible a vida en sociedade, singularmente o respecto a todos os dereitos e liberdades fundamentais e adquirir os hábitos de convivencia democrática e do respecto mutuo.

2.3. Obxectivos xerais

O CEIP Plurilingüe Santa María perseguirá coa súa práctica educativa os seguintes obxectivos xerais:

1. Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
2. Educar no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
3. Preparar ao alumnado para o exercicio da cidadanía, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.
4. Fomentar o desenvolvemento das capacidades creativas e do seu espírito crítico.
5. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural como elemento enriquecedor da sociedade.
6. Promover no noso alumnado valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

2.4. Prioridades de actuación

Compensación das desigualdades

Aplicaranse todas as medidas compensatorias necesarias co fin de asegurar a igualdade de oportunidade do alumnado do centro, independentemente da súa orixe familiar, da súa contorna social e cultura e das súas posibilidades económicas.

Atención á diversidade

Aplicaranse as medidas educativas necesarias de atención á diversidade que posibiliten ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades e competencias.

Preparación para os retos da sociedade do coñecemento

Utilizaranse todos os medios e recursos necesarios para preparar ao alumnado de xeito que sexa quen de enfrontarse a unha sociedade tecnolóxica e en continuo cambio.

CAPÍTULO II: DESENVOLVEMENTO CURRICULAR

1. Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural e ao alumnado

1.1. Obxectivos da Educación infantil

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarase nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

1.2. Obxectivos da Educación Primaria

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. Decisións xerais sobre a metodoloxía

O traballo basearase nunha metodoloxía activa, fomentando no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante o traballo individual e colectivo, se converterá na base da súa formación e o capacitará para aprender a aprender e poder seguir facéndoo ao longo de toda a súa vida.

Nesta liña, levaremos a cabo un Traballo por Proxectos, axudando aos estudantes ao logro dun aprendizaxe significativo. As principais vantaxes desta metodoloxía son un mellor afianzamento dos coñecementos, o desenvolvemento dun traballo multidisciplinar, utilización das novas tecnoloxías, mellora das destrezas sociais e unha preparación para a vida.

O labor educativo e disciplinario basearase no respecto mutuo, na responsabilidade, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade.

3. Contribución da etapa á consecución das competencias clave

Podemos definir a competencia como a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada mediante unha combinación de

habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se movilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Os obxectivos da educación desprázanse, así, á adquisición dunha serie de competencias clave que engloban coñecementos teóricos, habilidades ou procedementos e actitudes, e dicir, que van dirixidas ao saber, ao saber facer e ao saber estar, dotando ao alumnado dos elementos necesarios para facer fronte aos retos da sociedade actual.

Actualmente, recoñécense **8 competencias clave**:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

4. Criterios xerais do centro sobre avaliación

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integrador.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos **obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis (Artº 21 _ Decreto 155/2022)**

5. Criterios xerais do centro sobre promoción

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Matemáticas.

En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.

6. Criterios para a concesión da mención honorífica

Os centros docentes poderán propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica aos alumnos e ás alumnas que obtiveran Sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área e que demostren un rendemento académico excelente (Artº 14.2 Decreto 105/2014)

7. Liñas xerais de atención á diversidade

Atendendo ao Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia, o CEIP Plurilingüe Santa María desenvolve as seguintes medidas de atención á diversidade:

MEDIDAS ORDINARIAS		MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	
Medidas organizativas	Medidas curriculares	Medidas organizativas	Medidas curriculares
Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.	Apoio dos especialistas de PT e AL.	Adaptacións curriculares.
Adaptación dos tempos, procedementos ou instrumentos de avaliación.	Emprego de metodoloxías inclusivas baseadas en aprendizaxe por proxectos.	Flexibilización da duración do período de escolarización.	
Desdobramentos de grupos.	Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.		

8. Criterios para o tratamento transversal nas áreas da educación en valores.

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos de ensino-aprendizaxe que, sen referencia directa ou exclusiva a ningunha área curricular concreta, nin a unha idade ou etapa educativa particular, interactúan en todas as áreas do currículo, desenvolvéndose ao longo de toda a escolaridade obrigatoria; non se trata dun conxunto de ensinamentos autónomos, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento.

Por iso, atendendo aos principios educativos esenciais e, en especial, ao desenvolvemento das competencias básicas para lograr unha educación integral, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.

9. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións

As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - 1º. Temporalización.
 - 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- k) Medidas de atención á diversidade.
- l) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- m) Actividades complementarias e extraescolares programadas.
- n) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

10. Materias de libre configuración

O centro poderá dedicar as horas de libre configuración do centro, en 4º e 6º de educación primaria, ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas.

Así mesmo, poderá optar por establecer outra ou outras áreas atendendo ás características e necesidades do noso alumnado. De ser este o caso, remitirase ao servizo territorial a documentación necesaria, que incluírá, polo menos:

- a) Título da materia.

- b) Xustificación da súa inclusión na oferta do centro.
 - c) Profesorado que impartirá dita materia.
 - d) Currículo da materia, conforme o establecido no Decreto 105/2014.
- A carga horaria destas materias será dun período lectivo semanal.

11. Obxectivos para o desenvolvemento do proxecto bilingüe

O Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia sinala que a sociedade actual europea reside nun contexto no que se xera a necesidade de crear un marco educativo que posibilite ao alumnado adquirir unha competencia na lingua (ou linguas neste caso) oficiais e unha ou varias linguas estranxeiras.

O proxecto lingüístico que o Decreto sinala como obrigatorio para os centros, procurará, na súa medida, acadar o seguinte:

- Dotar ao centro dunha estrutura que asegure unha postura común a seguir por toda a comunidade educativa, en canto ao uso das diferentes linguas (galego, castelán e inglés).
- Fomentar un ambiente grato e propicio para o emprego das linguas.
- Fomentar o uso do galego en tódolos ámbitos.
- Utilizar estratexias para superar o estado de desprestixio dunhas linguas sobre outras.
- Facer fincapé na oralidade da lingua galega.
- Velar polo uso do galego tal e como se recolle na Lei 3/1983, do 15 de xuño nos seus artigos 12 e 14.
- Velar para que se respecten as áreas e as horas que deben ser impartidas en lingua galega e castelá.
- Traballar en prol dunha escola integrada no seu contorno cultural e lingüístico.
- Respectar as variantes dialectais presentes no contorno.
- Recoller e difundir a cultura popular de tradición oral da nosa bisbarra.
- Promover o interese por coñecer o ámbito xeográfico galego a través das danzas populares, e desenvolver o gusto pola música como manifestación popular aprendendo partes dunha danza e do traxe popular galego.
- Valorar a cultura oral tradicional herdada dos nosos devanceiros, fomentando a comunicación entre xeracións dentro das familias e/ou do entorno próximo ao neno/a.
- Fomentar a práctica de xogos populares como elemento da nosa cultura.
- Asesorar a comunidade educativa naqueles aspectos lingüísticos que sexa oportuno.
- Animar á Comunidade Educativa nomeadamente aos pais/nais e familia a participar na realización de diversas publicacións: revista escolar, libros de receitas...
- Colaborar con outros centros, entidades e institucións na realización de actividades cuxo obxectivo sexa potenciar o uso do idioma galego, revitalizar tradicións ou recuperar a cultura.

12. Medidas organizativas para o período de adaptación en ed. Infantil.

Segundo os puntos 1.7 e 1.8 do capítulo VI do anexo da Orde do 22 de xullo de 1997

O profesorado de educación infantil elaborará un plan de adaptación, destinado ó alumnado que se incorpore por primeira vez ó centro.

A planificación do período de adaptación incluírá o desenvolvemento dos seguintes aspectos:

- Participación e colaboración das familias neste período.
- Flexibilización do calendario e horario dos nenos e nenas que se incorporan por primeira vez ó centro.
- Actividades encamiñadas á mellor adaptación destes alumnos.
- Flexibilización no tipo de agrupamento.

CAPÍTULO III: PLANS E PROGRAMAS

- 1. Proxecto Lingüístico**
- 2. Proxecto Lector**
- 3. Proxecto de educación dixital**
- 4. Plan para a promoción de estilos de vida saudables**
- 5. Plan de Atención á Diversidade**
- 6. Plan de Orientación e Acción Titorial**
- 7. Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio**
- 8. Plan de convivencia**

CAPÍTULO IV

Difusión, revisión e avaliación do Proxecto Educativo

A difusión, revisión e avaliación realizarase de forma anual, aparecendo reflexado na PXA. En caso de considerar oportuna a modificación dalgún dos seus apartados, axuntarase o anexo correspondente.